



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, admitidas e excluídas de conformidade coa Orde do 28 de febreiro de 2020, código de procedemento ED010B,(DOG nº 46, do 9 de marzo).

Mediante Resolución do 30 de xuño de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse e se fixo pública a relación provisional de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, admitidas e excluídas de conformidade coa Orde do 28 de febreiro de 2020, código de procedemento ED010B,(DOG nº 46, do 9 de marzo), para o curso académico 2024/25.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, consonte co disposto no artigo 13 da Orde do 28 de febreiro de 2020, logo da proposta da comisión de valoración, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde de 29 de xullo de 2022 (DOG nº151, do 9 de agosto),

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer público no Anexo I desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas do corpo de mestres.

Segundo. Aprobar e facer público no Anexo II desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas dos corpos de secundaria.

Terceiro. Aprobar e facer público no Anexo III desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas do persoal laboral docente de relixión.

Cuarto. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición, obrigatoriamente por medios electrónicos mediante o trámite activado no procedemento ED010B, no prazo dun (1) mes ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web esta consellería, de conformidade cos artigos 8.2, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

